

3 1 Une os adverbios coa cor correspondente segundo de que tipo sexan.

LUGAR

MODO

TEMPO

CANTIDADE

- daquela
- preto
- devagar
- agora
- despois
- moito
- diante
- rapidamente
- abondo
- alá
- case
- mal

4 Entre os adverbios anteriores, copia o que signifique o mesmo ca cada expresión.

pouco e pouco

en gran cantidade

a pouca distancia

naquel tempo



5 Copia cambiando as expresións subliñadas por adverbios acabados en *-mente*.

- Uxío toca o piano de forma alegre.

- O piloto conduce de maneira perigosa.

- O seu can séguelo de maneira fiel.

- A nai arrola o bebé de xeito suave.

A ecoloxía. As siglas

1 Relaciona cada cartel coa mensaxe que quere transmitir.




Cómpre reutilizar
as bolsas de plástico.

Cómpre reciclar o papel,
o plástico e o vidro.

Cómpre reducir
o consumo de auga.

2 Completa cos verbos en infinitivo da actividade anterior.
Faino de maneira que o último verso rime cos anteriores.



3 Completa coa opción axeitada e saberás que fan os voluntarios medioambientais.

enerxías renovables • especies • espazos naturais • restos

- Vixían os _____.
- Recuperan _____ autóctonas.
- Recollen _____.
- Informan sobre o uso das _____.



4 Une cada par de palabras con significado semellante.

contaminación

repoboar

degradarse

protección

empobrecerse

coidado

polución

replantar

5 Marca as siglas que hai nestes titulares de prensa.

O CEIP A Carballeira celebra
o Día Mundial
do Medio Natural

Os EUA, dispostos a reducir a emisión
de gases contaminantes

A UE adía o debate
sobre o cambio climático

Un dispositivo creado pola UDC mellora
a eficiencia enerxética das vivendas

6 Copia as siglas anteriores ao lado do significado correspondente.

- Unión Europea ►
- Colexio de Educación Infantil e Primaria ►
- Universidade da Coruña ►
- Estados Unidos de América ►

7 Escribe a sigla que correspondería a estas entidades imaxinarias.

- Grupo de Amantes da Natureza ►
- Amigos do Medio Natural ►
- Consello de Accións Ambientais ►
- Voluntarios Limpadores de Bosques ►
- Colectivo Ecoloxista Local ►



LEMBRA

Todas as oracións terminan cun signo de puntuación.

- Escribimos **punto (.)** ao final dunha oración que afirma ou nega algo.
- Escribimos o **signo de interrogación (?)** ao final dunha pregunta.
- Escribimos o **signo de admiración (!)** ao final dunha exclamación.

LEMBRA

Todas as oracións terminan cun signo de puntuación.

- Escribimos **punto (.)** ao final dunha oración que afirma ou nega algo.
- Escribimos o **signo de interrogación (?)** ao final dunha pregunta.
- Escribimos o **signo de admiración (!)** ao final dunha exclamación.

- LEMBRA**
- Todas as oracións terminan cun signo de puntuación.
- Escribimos **punto (.)** ao final dunha oración que afirma ou nega algo.
 - Escribimos o **signo de interrogación (?)** ao final dunha pregunta.
 - Escribimos o **signo de admiración (!)** ao final dunha exclamación.

12 Le o texto e une os puntos que se empregaron con cada cor, segundo o tipo de punto.

Punto e seguido

Punto e á parte

Punto final

Amigas das flores



No mundo natural hai amigos e inimigos. Por exemplo, existen algúns animalíños que benefician as flores, así que seguro que estas as consideran os seus amigos.

Un dos animais máis beneficiosos para as flores é a xoaniña. Ás xoaniñas encántalles comer pulgóns e a estes, gústalles moito comer flores. Así que as flores están desexando que as veña ver algunha xoaniña.

Outra amiga das flores é a bolboreta, que pasa a vida indo de flor en flor. Nas súas viaxes transporta o pole que lle queda apegado nas patas e isto permite a reprodución das flores.

A verdade é que as flores teñen unhas amizades ben boas.

2 Completa a información fixándote no texto anterior.

- O separa dous parágrafos.
- O escríbese ao final dun texto.
- O separa dúas oracións dun mesmo parágrafo.
- Despois de punto escríbese



Substitúe os símbolos polos signos que pechan oracións.

Empezar o día con enerxía

Todo o mundo fala da importancia dun bo
almorzo ❀ Pero que é o que debemos tomar ❀
Cales son as cantidades necesarias ❀

Os nutricionistas explican que, para que
un almorzo achegue a enerxía necesaria,
debe incluír leite, queixo ou iogur ❀ Tamén
din que hai que tomar cereais e froita ❀
Ademais, pódese engadir algún doce, pero
sen abusar ❀ Xa verás que ben empezas o día ❀

Os dous puntos e a raia

LEMBRA

Os **dous puntos (:)** empréganse nos seguintes casos:

- Para introducir unha enumeración que se anuncia.
- Para anunciar as palabras que di alguén.

A **raia (-)** emprégase nos diálogos escritos deste xeito:

- Diante da intervención de cada personaxe.
- Para separar as palabras que di un personaxe das aclaracións que fai o narrador.

- 1** Completa o texto introducindo os dous puntos e a raia onde cumpira.



O artista

O día en que se inaugurou a exposición, alguén
lle preguntou ao artista convidado

Pode dicirnos que quixo contar neste cadro?

O pintor respondeu

Pois... eu non conto, só pinto.

- 2** Fíxate nestes pares de enumeracións e introduce os dous puntos nas que o precisen.

- Gústanme moito o fútbol, o baloncesto, a patinaxe e o tenis.
- Gústanme moito os seguintes deportes o fútbol, o baloncesto, a patinaxe e o tenis.
- Martiño vai tomar tres pratos caldo, de primeiro; peixe, de segundo; e xeadó, de sobremesa.
- Martiño vai tomar caldo de primeiro; peixe de segundo; e xeadó de sobremesa.